

PREGUNTAS RELATO E CURTAMETRAXE.

- a) Na primeira curtametraxe non aparece a figura da profesora. Son catro alumnos os que participan na acción. Tampouco están nunha clase, atópanse na biblioteca. A persoa que atopa a ouíha é unha estudante á que os demais rapaces chaman “friki” por ler moitos libros. O diálogo tampouco é cen por cen igual ao do relato, as preguntas están resumidas. A figura principal desta curtametraxe é Luís, o rapaz que fala en castelán. Ademais, todos poñen os seus dedos índices no vaso, cando no relato só os poñen Luís e a profesora.

Na segunda curtametraxe, o texto é igual que o do relato. Nesta ocasión si aparece a figura da profesora e incluso aparecen detalles mencionados no relato como que os alumnos baixan as persianas. Ademais, o personaxe de Luís fala só ao final para dicirlle a Castelao que aínda non fala galego pero que empezará mañá a facelo.

- b) Introduce o humor na parte final, cando Luís, sorprendido e un pouco asustado pola situación intenta xustificar que non fala galego é lle di a Castelao que aínda non o fala pero que comeza mañá misminiño.
- c) Porque Castelao foi un gran precursor do idioma galego que loitou pola súa defensa, tal como di no relato: “Invocaaaaamos o espíritooooo deee Daniel Alfonso Rodríguez Castelaaaaaooo... Invocámoste, paaaaai da paaaaatria, invocáaaaamoste, luz da Gaaaaaliza, faaaaaro da nazooooón de Breogáaaan. Ven con nóooooos ao noso cúculo de irmandaaaade, veeeen á noooosa teeeerra.”
- d) Castelao, ademais de ser un narrador, ensaísta, dramaturgo, debuxante e político está considerado como un dos país do nacionalismo galego e chegou ser a figura máis importante da cultura galega do século XX. Foi un intelectual comprometido coa terra e co país que fixo moito por defender os dereitos de Galicia e por dignificar o idioma galego.